



NIF G70454657

**PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES E PREGO DE PRESCRICIÓNS TÉCNICAS PARA
A CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE PERITO INDEPENDENTE PARA VALORACIÓN DE PROXECTOS DE
OBRAS PRESENTADOS AO ABEIRO DA ESTRATEXIA DE DESENVOLVEMENTO LOCAL PARTICIPATIVO
(EDLP) DO GALP GOLFO ÁRTABRO NORTE. PROGRAMA FEMPA 2021-2027**

NÚMERO DE EXPEDIENTE: 004/2023F-GALP2

Contido do documento:

PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES (PCAP)

1. CADRO DE CARACTERÍSTICAS
2. ELEMENTOS DO CONTRATO
 1. OBXECTO DO CONTRATO
 2. PRAZO DE EXECUCIÓN
 3. LOTES
 4. CAPACIDADE E SOLVENCIA ECONÓMICA E TÉCNICA DA ENTIDADE LICITANTE
 - 4.1. SOLVENCIA ECONÓMICA E TÉCNICA
 - 4.2. SOLVENCIA TÉCNICA OU PROFESIONAL
 5. DOCUMENTACIÓN A ACHEGAR POLAS PERSOAS OU ENTIDADES LICITANTES
 6. VALOR ESTIMADO DO CONTRATO E ORZAMENTO DE LICITACIÓN
 7. DETERMINACIÓN DO PREZO
3. ADXUDICACIÓN DO CONTRATO
 8. PROCEDEMENTO DE ADXUDICACIÓN E TRAMITACIÓN DO EXPEDIENTE
 9. MEDIOS E PRAZO DE PRESENTACIÓN DE OFERTAS
 10. FORMA DE PRESENTACIÓN DE OFERTAS
 11. CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN
 12. APERTURA DE PROPOSICIÓNS E PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN
 13. CONDICIÓNS E FORMA DE PAGO
 14. MODIFICACIÓN DO CONTRATO
 15. CAUSAS DE RESOLUCIÓN DO CONTRATO
4. ANEXOS

PREGO DE PRESCRICIÓNS TÉCNICAS (PPT)

1. CONTEXTO. XUSTIFICACIÓN DA NECESIDADE DE CONTRATACIÓN
2. CARACTERÍSTICAS DA PRESTACIÓN A REALIZAR
3. FINALIDADES E OBXECTIVOS A ALCANZAR
4. FUNCIÓNS E OBRIGAS DA ENTIDADE ADXUDICATARIA
5. PRAZO DE PRESTACIÓN DO SERVIZO





NIF G70454657

PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES (PCAP)

I. CADRO DE CARACTERÍSTICAS

Grupo de Acción Local do sector Pesqueiro Golfo Ártabro Norte (GALP2) Enderezo: Rúa Curro, nº33 (Casa do Pescador) 15630 Miño, A Coruña. Teléfonos: 981784417 / 636736788 Correo electrónico: galp.mar.golfoartabronorte@xunta.gal CIF: G-70454657	
Órgano de contratación	Presidencia do GALP Golfo Ártabro Norte
Persoa de contacto	Técnica do GALP Golfo Ártabro Norte
Publicación da oferta	https://galp.xunta.gal/golfo-artabro/licitacions
Referencia do Expediente	004/2023F-GALP2
Obxecto do contrato	Prestación do servizo de perito independente para valoración de proxectos de construción presentados ao abeiro das ordes de convocatoria publicadas das estratexias de desenvolvemento local participativo (EDLP), aprobadas aos Grupos de Acción Local do Sector Pesqueiro (GALP) no marco do Fondo Europeo Marítimo, de Pesca e de Acuicultura 2021-2027.
Tipo de contrato	Contrato de Servizo
Tramitación	☒ Ordinaria ☐ Urxente
Contrato suxeito a regulación harmonizada	☐ Si ☒ Non
Procedemento (segundo a Instrución 1/2023 da Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro da Consellería do Mar, dispoñible en: https://galp.xunta.gal/normativa)	☐ Procedemento I, para adxudicación directa de contratos para necesidades puntuais ou esporádicas dos GALP. ☒ Procedemento II, para gastos derivados de necesidades continuas dos GALP ou esporádicas con determinados valores estimados. ☐ Procedemento III, para gastos derivados de contratos suxeitos a regulación harmonizada.
Admisión de prórroga en execución	☐ Si ☒ Non





NIF G70454657

Admisión de prórroga do contrato	☒ Si ☐ Non
Admisión de subcontratación	☐ Si ☒ Non
Criterios de adxudicación	☒ Prezo ☐ Multicriterio
Idioma de presentación de ofertas	☒ Galego ☒ Castelán
Orzamento de licitación	1.450,00€ (IVE excluído)
Prazo de execución	14 meses (Anualidade 2023: 2 meses inclúe servizo de valoración previa dos proxectos de obras FEMPA Convocatoria 2023; Anualidade 2024: 12 meses)
Financiamento	Esta contratación financíase nun 70% polo Fondo Europeo Marítimo, de Pesca e de Acuicultura (FEMPA). <i>Regulamento (UE) 2021/1139 do Parlamento Europeo e do Consello, de 7 de agosto de 2021, polo que establece o Fondo Europeo Marítimo, de Pesca e de Acuicultura, e polo que se modifica o Regulamento (UE) 2017/1004.</i>





II. ELEMENTOS DO CONTRATO

1. OBXECTO DO CONTRATO

O presente contrato ten por obxecto garantir con total e absoluta transparencia e seguridade a adecuada utilización do Fondo Europeo Marítimo, Pesca e Acuicultura 2021-2027 para os fins para o que foron outorgados ao GALP Golfo Ártabro Norte. O GALP Golfo Ártabro Norte, no caso de proxectos de construción con orzamento superior a 100.000.- euros realizará unha valoración da obra ou proxecto executado, para o que é necesario contratar para todo o período os servizos profesionais dun perito independente. Tamén dentro deste orzamento, solicítase que se inclúa unha valoración final do proxecto na fase de execución final e pagamento, así como visitas intermedias no caso de ser necesarias.

O servizo correspondente á primeira anualidade do contrato (14 meses).

2. PRAZO DE EXECUCIÓN

O prazo de prestación do servizo será 14 meses a contar dende a formalización do contrato. O prazo de execución será dende novembro de 2023 ata o 31 de decembro de 2024, salvo modificación desta data por aplicación das prórrogas previstas neste prego.

Para o 2023 a execución do mesmo, será como máximo ata o 31 de decembro de 2023; para o 2024 ata o 31 de decembro de 2024.

Non se admiten prórrogas no prazo de execución do servizo.

3. DURACIÓN DO CONTRATO

O contrato estará vixente dende o día seguinte á sinatura do mesmo, cunha duración de 14 meses (2 meses de 2023 + 12 meses de 2024).

Admítase prórroga do contrato.

A prórroga será anual e obrigatoria para o contratista, cando o GALP formule aviso previo con polos menos dous meses de antelación á finalización do prazo de duración do contrato. En ningún caso o contrato poderá prorrogarse mais alá do 31 de decembro de 2026.

4. LOTES

Non se establece a división do obxecto do contrato en lotes, de modo que a licitación versará sobre a totalidade do servizo, xustificándose a decisión de conformidade co establecido no artigo 99.2. b) da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, no feito de que, ao tratarse dun único proxecto, as diversas prestacións obxecto do servizo deben executarse de forma coordinada, cuestión que podería verse imposibilitada pola división en lotes, que podería conlevar que a adxudicación dos contratos e polo tanto a execución das prestacións integradas no servizo, se efectuase por unha pluralidade de contratistas diferentes.



5. CAPACIDADE E SOLVENCIA ECONÓMICA E TÉCNICA DA ENTIDADE LICITANTE

5.1. SOLVENCIA ECONÓMICA E TÉCNICA

As entidades licitadoras terán que presentar unha declaración responsable asinada de que contan coa solvencia económico-financeira e técnico-profesional esixida para este contrato.

A empresa adxudicataria deberá presentar nun prazo de **cinco días hábiles** desde o momento da súa notificación a documentación que acredite o seguinte:

- Personalidade e capacidade de obrar: escritura de constitución e de modificación ou outra documentación que consideren oportuna.
- Representación: acreditación da representación.
- Alta no imposto de actividades económicas
- DNI do representante e CIF da entidade
- Solvencia económica financeira: Declaración volume de negocios do último exercicio fiscal.
Requisito mínimo de solvencia: Volume anual de negocios do licitante por un importe igual ou superior ao valor estimado do contrato.
Acreditación: A través da presentación das súas contas anuais aprobadas e depositadas no Rexistro Mercantil, se a entidade licitante estivese inscrita no devandito rexistro e, en caso contrario, polas contas depositadas no rexistro oficial en que deba estar inscrito. A
Aqueles persoas licitantes non inscritas no rexistro, acreditaran o seu volume anual de negocios mediante os seus libros de inventarios e contas anuais legalizados polo Rexistro mercantil e no seu caso dos libros esixidos pola normativa de aplicación, que acrediten a facturación ou volume anual de negocios.
No caso de persoas ou entidades licitantes cuxo período de actividades non abrangue os tres últimos exercicios, é necesario presentar a cifra de negocios do período de actividades da persoa ou entidade licitante, que deberá ser superior en todo caso á contía referida.
- Xustificante da existencia dun seguro de responsabilidade civil por riscos profesionais. Requisito mínimo de solvencia: Seguro de responsabilidade civil por riscos profesionais por un importe igual ou superior ao valor estimado do contrato.
- Calquera outro documento acreditativo da súa aptitude para contratar que reclame o órgano de contratación.

De non presentarse correctamente ou no prazo sinalado entenderase que o licitador retirou a súa oferta, procedendo a solicitar a documentación ao licitador seguinte.

5.2. SOLVENCIA TÉCNICA OU PROFESIONAL

A solvencia técnica ou profesional acreditarase polo seguinte medio:

⇒ **Medio 1.** Xustificante do título de licenciado en arquitectura, arquitecto técnico ou equivalente da persoa responsable da execución do contrato ou no seu caso, do técnico encargado directamente do mesmo.

Criterios de selección e requisitos mínimos: A persoa responsable da execución do contrato ou no seu caso, do técnico encargado directamente do mesmo debe estar en posesión do título de Licenciado en arquitectura, arquitecto técnico ou equivalente.

NIF G70454657

⇒ **Medio 2.** Acreditación da condición de profesional colexiado/a no Colexio Oficial de Arquitectos.

Criterios de selección e requisitos mínimos: A persoa responsable da execución do contrato ou no seu caso, do técnico encargado directamente do mesmo debe estar colexiado no Colexio Oficial de Arquitectos.

Requisito mínimo de solvencia: No caso de entidades, o equipo mínimo que deberá destinar o adxudicatario para a prestación do servizo indicado e garantir a correcta execución do contrato será de, como mínimo, dun profesional, que deberá contar con algún dos perfís anteriormente mencionados.

Para a acreditación do requisito de solvencia bastará coa presentación dunha declaración xurada por parte do representante da entidade ou persoa autorizada onde se faga constar o cumprimento dos requisitos. Deberá presentarse no SOBRE A.

A documentación acreditativa será presentada unha vez adxudicada a licitación por parte da entidade seleccionada e antes da sinatura do contrato, a través da presentación dos títulos académicos e contratos de traballo que vincule aos profesionais coa persoa ou entidade licitante.

No caso de persoas autónomas (empresarios individuais) deberán cumprir os seguintes requisitos:

- Estar en posesión da titulación de arquitecto superior ou arquitecto técnico.
- Estar inscrito como colexiado.
- Estar inscrito no catálogo de peritos do colexio profesional correspondente.
- No caso de empresarios individuais para acreditar a solvencia económica presentaran o último modelo 390 (Declaración resumo anual do IVE)

6. DOCUMENTACIÓN A ACHEGAR POLAS PERSOAS OU ENTIDADES LICITANTES

- Declaración responsable da representación da entidade licitante; de dispor de solvencia económica, financeira e técnica; de contar coas autorizacións necesarias para o exercicio da súa actividade; de non estar incurso na prohibición de contratar nin na prohibición de percibir subvencións públicas e de non presentar ningunha outra oferta mediante empresa vinculada (**Anexo II**).

As persoas ou empresas licitantes, coa presentación da Declaración Responsable (Anexo II), exímense de presentar toda a documentación acreditativa do cumprimento, que será requirida e deberá ser prestada unicamente pola persoa ou empresa que resulte adxudicataria.

- Declaración xurada de cumprimento de requisitos por parte do licitador (**Anexo III**).
- Oferta económica (**Anexo IV**)

NIF G70454657

7. VALOR ESTIMADO DO CONTRATO E ORZAMENTO DE LICITACIÓN

Valor estimado total do contrato	6.050,00 € (IVE excluído)	
Orzamento de licitación	Importe base de licitación	1.450,00€
	IVE (21%)	304,50€
	Importe total de licitación	1.754,50€
Financiamento	Esta contratación financíase nun 70% polo Fondo Europeo Marítimo, de Pesca e de Acuicultura (FEMPA). <i>Regulamento (UE) 2021/139 do Parlamento Europeo e do Consello, de 7 de xullo de 2021, polo que establece o Fondo Europeo Marítimo, de Pesca e de Acuicultura, e polo que se modifica o Regulamento (UE) 2017/1004.</i>	

As prórrogas serán de 12 meses naturais e o seu importe será o importe base de licitación prorrateado para 12 meses como se reflexa na seguinte táboa:

REPARTO POR ANUALIDADES DO ORZAMENTO BASE DE LICITACIÓN

ORZAMENTO BASE DE LICITACIÓN					
ANUALIDADES	2023	2024	2025	2026	TOTAL BASE LICITACIÓN
Orzamento (IVE excluído)	500,00€	950,00€	2.100,00€	2.500€	6.050,00€
IVE	105,00€	199,50€	441,00€	525,00€	1.270,50€
Orzamento (IVE incluído)	605,00€	1.149,50€	2.541,00€	3.025,00€	7.320,50€

ORZAMENTO BASE DE LICITACIÓN (IVE excluído)

Informes previos (fase solicitude):

Importe base de licitación unitario: 125,00€

IVE prezo máximo unitario: 26,25€

Total orzamento base de licitación unitario: 151,25€

Informes finais (fase xustificación):

Importe base de licitación unitario: 225,00€

IVE prezo máximo unitario: 47,25€

Total orzamento base de licitación unitario: 272,25€



NIF G70454657

REPARTO POR ANUALIDADES DO ORZAMENTO BASE DE LICITACIÓN

A estimación máxima de proxectos (unidades de execución) por anualidades é a seguinte:

Ano 2023:

Informes previos (fase solicitude): 4 proxectos

Informes finais (fase xustificación): 0 proxectos

Ano 2024:

Informes previos (fase solicitude): 4 proxectos

Informes finais (fase xustificación): 2 proxectos

Ano 2025:

Informes previos (fase solicitude): 6 proxectos

Informes finais (fase xustificación): 6 proxectos

Ano 2026:

Informes previos (fase solicitude): 2 proxectos

Informes finais (fase xustificación): 10 proxectos

8. DETERMINACIÓN DO PREZO

O cálculo do orzamento base de licitación desta contratación realizouse tendo en conta os prezos habituais no mercado deste tipo de servizos. Tívoise en conta tamén para a determinación do mesmo, os contratos anteriores realizados no Programa anterior de axudas FEMP 2014-2020 para o mesmo obxecto.

Por determinar o prezo por número de informes (unidades de execución), se fóra necesario aplicárase o artigo 309.2. *que establece que si la determinación del precio se realiza mediante unidades de ejecución, “no tendrán la consideración de modificaciones, siempre que así se haya establecido en el pliego de cláusulas administrativas particulares, la variación que durante la correcta ejecución de la prestación se produzca exclusivamente en el número de unidades realmente ejecutadas sobre las previstas en el contrato, las cuales podrán ser recogidas en la liquidación, siempre que no representen un incremento del gasto superior al 10 por ciento del precio del contrato.”*



III. ADXUDICACIÓN DO CONTRATO

9. PROCEDEMENTO DE ADXUDICACIÓN E TRAMITACIÓN DO EXPEDIENTE

O contrato de servizos se adxudicará seguindo o Punto II da Instrución 1/2023 sobre os procedementos de contratación dos Grupos de Acción Local do Sector Pesqueiro.

10. MEDIOS E PRAZO DE PRESENTACIÓN DE OFERTAS

O prazo máximo para a presentación de ofertas é de **5 días hábiles** contados a partir do día seguinte ao da súa publicación na páxina web do Grupos de Acción Local do Sector Pesqueiro de Galicia <https://galp.xunta.gal/licitacions> . A data da publicación da oferta será o 13 de outubro de 2023.

A presentación farase por correo certificado, e acreditarase a data de envío pola oficina de correos, sendo preceptivo o envío do xustificante de presentación por correo electrónico á dirección galp.mar.golfoartabronorte@xunta.gal dentro do prazo de presentación de ofertas sinalado neste mesmo apartado.

11. FORMA DE PRESENTACIÓN DE OFERTAS

As proposicións dos interesados deberán axustarse aos pregos e documentación que rexen a licitación, e a súa presentación supón a aceptación incondicionada pola persoa empresaria do contido da totalidade das cláusulas ou condicións deste prego, sen condición ou reserva algunha.

As ofertas presentadas deberán estar **asinadas con sinatura dixital** pola persoa licitante ou representante legal da entidade licitante.

A documentación necesaria e preceptiva presentarase en dous sobres pechados, segundo a Instrución 1/2023 da Dirección de Desenvolvemento Pesqueiro presentarase en dous sobres pechados:

- **SOBRE A:** Declaración Responsable da persoa ou entidade solicitante compresiva do cumprimento de todos os requisitos esixidos no Prego de Cláusulas Administrativas (Anexo II), e declaración xurada de cumprimento de requisitos (Anexo III).
- **SOBRE C:** Oferta económica (Anexo IV)

A inclusión no SOBRE A de calquera información relativa ás características do contrato ou da oferta económica, será causa de exclusión do procedemento de licitación da persoa ou entidade licitante.

A denominación dos sobres a, deberá atender ao seguinte, segundo o caso:

- SOBRE A [003/2023F-GALP2]_Declaración-Responsable [INSERTAR NOME DO LICITANTE].
- SOBRE C [003/2023F-GALP2]_Oferta-Económica [INSERTAR NOME DO LICITANTE].

A oferta presentada, e toda a documentación preceptiva, deberá vir asinada pola persoa licitante ou representante legal da entidade licitante.

NIF G70454657

O prazo durante o cal a persoa ou entidade licitante estará obrigada a manter a súa oferta será de dous (2) meses contados dende a data de apertura de proposicións.

12. CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN

Neste procedemento non se terán en conta criterios avaliábles mediante xuízo de valor.

Para a valoración das ofertas atenderase aos seguintes criterios, avaliábles de forma automática mediante fórmula, sendo unicamente a oferta económica: o prezo, o criterio a avaliar.

Oferta económica: prezo

Darase a máxima puntuación (100 puntos) á oferta económica admitida de prezo máis baixo, e que non incorra en baixa temeraria. As restantes ofertas acadarán a puntuación que lles corresponda de acordo coa seguinte fórmula:

$$Pi = (PM \times OB) / Oi$$

Pi = Puntuación da oferta a valorar

PM = Puntuación máxima do criterio

OB = Oferta máis baixa das presentadas (sen IVE)

Oi = Oferta a valorar (sen IVE)

CRITERIOS DE DESEMPATE

O empate entre varias ofertas logo da aplicación dos criterios de adxudicación, resolverase mediante a aplicación, por orde ata acadar o desempate, dos seguintes criterios, referidos ao momento de finalizar o prazo de presentación das ofertas:

- 1) Maior porcentaxe de persoas traballadoras con discapacidade ou en situación de exclusión social no cadro de persoal, primando, en caso de igualdade, o maior número de persoas traballadoras fixas en inclusión no cadro de persoal.
- 2) Menor porcentaxe de contratos temporais no cadro de persoal.
- 3) Maior porcentaxe de mulleres empregadas no cadro de persoal.
- 4) O sorteo, en caso de que a aplicación dos anteriores criterios non dea lugar a desempate.

A documentación acreditativa dos criterios de desempate a que se refire o presente apartado será achegada polas persoas ou entidades licitantes no momento en que se produza o empate, e non con carácter previo.

OFERTA ANORMALMENTE BAIXA

Unha oferta económica considerarase anormalmente baixa e, por tanto, incorrerá en baixa temeraria cando a súa proposta económica sexa inferior ao orzamento de licitación en máis de 20 unidades porcentuais.

13. APERTURA DE PROPOSICIÓN E PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN

Finalizado o prazo de presentación de ofertas, a Comisión de contratación reunirse en sesión privada para a revisión da documentación relativa ao SOBRE A, dando conta das proposicións presentadas e, ante defectos ou omisións que poidan ser emendados, comunicarao ás persoas ou entidades licitantes interesadas, concedendo un prazo de **3 días hábiles** para a súa corrección.

A Comisión de contratación, unha vez cualificada a documentación do SOBRE A e realizadas as correccións oportunas, no seu caso, adoptará o acordo de admisión definitiva das persoas ou entidades licitantes, especificando as causas de exclusión, se as houbese.

A continuación procederase no lugar, día e hora sinalados no anuncio de licitación ou no portal web <https://galp.xunta.gal/golfo-artabro-norte/licitacions> á apertura, en acto público, do SOBRE C. Se a data de apertura do SOBRE C, coincide coa apertura do SOBRE A, e non se adoptara o acordo de admisión definitiva, a Comisión acordará unha nova data de apertura do SOBRE C, que se publicará no taboleiro e no portal web <https://galp.xunta.gal/golfo-artabro-norte/licitacions>.

Descrición: Apertura pública.

Lugar: Rúa Curro, nº33 (Casa do Pescador) 15630 Miño – A Coruña

Atendendo a puntuación obtida segundo os criterios de adxudicación, a Comisión de contratación emitirá a proposta de contratación a favor da persoa ou entidade licitante coa puntuación mais alta, a cal presenta a mellor oferta de acordo cos criterios de adxudicación.

Unha vez emitida a proposta de contratación, será requirido á persoa ou entidade que presentou a mellor oferta para que, dentro do prazo de **5 días hábiles**, a contar desde a data de recepción do requirimento, presente toda a documentación que acredite a solvencia económica, financeira e técnica, así como o cumprimento cos requisitos obrigatorios.

A proposta de adxudicación do contrato de servizos será posta en coñecemento e darase publicidade a través da páxina web do GALP de Galicia; <https://galp.xunta.gal/licitacions>

De non presentarse correctamente ou no prazo sinalado entenderase que o licitador retirou a súa oferta, procedendo a solicitar a documentación ao licitador seguinte.

O procedemento finalizará coa formalización do contrato

14. CONDICIÓNS E FORMA DE PAGO

O pago do prezo será anual, unha vez rematado o servizo. Poderá acordarse anualmente, entre as partes a realización do mesmo en dous pagos semestrais sempre que exista posibilidade de crédito. Cada factura será detallada e deberá cumprir a normativa vixente en materia de facturación.



NIF G70454657

O pagamento realizarase da seguinte forma:

- Ano 2023, o pagamento realizarase no mes de decembro, correspondendo o importe a pagar ao número de proxectos de obras revisados na fase de solicitude (convocatoria 2023) polo importe unitario adxudicado para informes previos.
- Ano 2024, semestralmente (xuño e decembro) realizarase o pagamento correspondendo o importe a pagar ao número de proxectos de obras revisados:
 - Número de Informes previos na fase de solicitude (convocatoria 2024) por importe unitario adxudicado para a tipoloxía de informe.
 - Número de Informes finais na fase de xustificación (convocatoria 2023 – anualidade 2024 e convocatoria 2024) por importe adxudicado para a tipoloxía de informe.

O pagamento das prórrogas realizarase de forma semestral.

15. MODIFICACIÓN DO CONTRATO

Non se establece

16. CAUSAS DE RESOLUCIÓN DO CONTRATO

O incumprimento das actuacións previstas no punto 2 do prego de prescricións técnicas será causa de resolución do contrato.

IV. ANEXOS





NIF G70454657

Anexo I – Datos do licitador

ANEXO I – DATOS DE CONTACTO DA PERSOA OU ENTIDADE LICITANTE

(A INCLUIR NO SOBRE A)

Expediente: 003/2023F-GALP2

Asunto: SERVIZO DE PERITO INDEPENDENTE PARA VALORACIÓN DE PROXECTOS DE OBRAS PRESENTADOS AO ABEIRO DA ESTRATEXIA DE DESENVOLVEMENTO LOCAL PARTICIPATIVO (EDLP) DO GALP GOLFO ÁRTABRO NORTE. PROGRAMA FEMPA 2021-2027

Nome da persoa ou entidade licitante	
Nome da persoa representante legal	
Nome da persoa responsable e de contacto aos efectos da licitación	
Dirección postal	
Teléfono de contacto	
Dirección de correo electrónico a efectos de notificacións	



NIF G70454657

ANEXO II.

A) DECLARACIÓN RESPONSABLE DO LICITADOR

D _____ con DNI número _____ en representación de _____ con CIF número _____ con domicilio social _____ teléfono _____ correo electrónico _____ aos efectos de notificación.

DECLARA en representación da empresa¹

Primeiro.- Que a empresa conta coa capacidade e habilitación profesional necesaria para executar as prestacións obxecto do contrato, as cales se encadran no obxecto social da empresa.

Segundo.- Non estar incurso nas prohibicións de contratar establecidas polo artigo 71 da LCSP, en concreto, estar ao corrente do pago das obrigas tributarias e Seguridade Social impostas polas disposicións vixentes. Tampouco incorre en ningunha prohibición de percibir subvencións públicas pola normativa vixente.

Terceiro.- Non presenta ningunha outra oferta para esta contratación mediante empresa vinculada segundo o artigo 42.1 do Código de Comercio, aprobado mediante Real Decreto de 22 de Agosto de 1885.

Cuarto.- Sométese á xurisdición española polas continxencias que puidesen xurdir do contrato.

Quinto.- A dirección de correo electrónico para a recepción de notificacións é _____.

Sexto.- Comprométese a acreditar, ante o GALP, a posesión e validez da documentación necesaria para probar o declarado.

E para que conste, asino a presente declaración.

En _____ a _____ de _____ 2023

Data e sinatura do licitador

¹Persoa física(traballe por conta propia ou allea) ou persoa xurídica.



NIF G70454657

ANEXO III. DECLARACIÓN XURADA DE CUMPRIMENTO DE REQUISITOS POR PARTE DO LICITADOR

D. _____ con DNI número _____ como representante da entidade
_____ con NIF número _____ con domicilio social _____ teléfono _____ correo
electrónico _____ aos efectos de notificación.

DECLARA

Primeiro.- Que a empresa cumpre cos requisitos establecidos nas pregos de prescricións técnicas e administrativas para a licitación de **servizo de elaboración de informes por perito independente para proxectos de obras** para o GALP Golfo Ártabro Norte.

Segundo.- Comprométese a acreditar, ante o GALP, a posesión e validez da documentación necesaria para probar o declarado, tal e como se indica nos pregos técnicos e administrativos.

Terceiro.- Esta declaración xurada será incorporada no Sobre 1 da oferta presentada para a licitación.

E para que conste, asino a presente declaración xurada.

En _____ a _____ de _____ 202X

Data e sinatura do licitador





NIF G70454657

ANEXO IV. MODELO DE OFERTA ECONÓMICA

D./a con DNI nº actuando en nome e representación da empresa con CIF nº e domicilio en CP localidade de Provincia de , en relación ao procedemento de licitación do contrato de servizo “**servizo de elaboración de informes por perito independente para proxectos de obras**”, presento a seguinte oferta:

A) OFERTA ECONOMICA:

(Debe indicarse o importe unitario por tipo de proxecto para todo o período de novembro de 2023 ata o 31 de decembro de 2026)

INFORMES PREVIOS	Importe (en número)	Importe (en letra)
Informe ofertado unitario (sen IVE)		
IVE		
Total informe por unidade (Con IVE)		

INFORMES FINAIS	Importe (en número)	Importe (en letra)
Informe ofertado unitario (sen IVE)		
IVE		
Total informe por unidade (Con IVE)		

- B) Que coñezo e acepto as condicións que rexen esta contratación, comprometéndome a executar o obxecto do contrato polo seguinte prezo:

Lugar e data

Sinatura do/a licitador/a





PREGO DE PRESCRICIÓN TÉCNICAS (PPT)

1. CONTEXTO – XUSTIFICACIÓN DA NECESIDADE DA CONTRATACIÓN

O Grupo de Acción Local do Sector Golfo Ártabro Norte (GALP2), é unha entidade colaboradora da Consellería do Mar, para a xestión da prioridade 3 do Programa FEMPA 2021-2027, e está suxeita ao convenio suscrito o día 2 de xaneiro de 2023. Dito convenio ten por obxecto establecer as regras que deberán aplicar ambas partes na xestión da Estratexia de Desenvolvemento Local Participativo (EDLP), e en particular as funcións e obrigas que asume o Galp como entidade colaboradora da Consellería do Mar.

O Convenio de colaboración asinado, establece na súa cláusula décimo oitava o marco regulador do réxime de contratación do GALP Golfo Ártabro Norte. De acordo con esta cláusula, a contratación de asistencia técnica, obras, subministracións ou calquera outro tipo de contratación efectuada polo GALP, pertencentes aos gastos de funcionamento e animación, realizarase “segundo os principios de liberdade, publicidade e transparencia, non discriminación e igualdade de trato, e eficiencia”, conforme a Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (en adiante, LCSP), dada a súa condición de entidade colaboradora da Consellería do Mar na xestión e control de fondos públicos. Asemade, o GALP terá en conta as instrucións que emita o Organismo Intermedio de Xestión (en adiante, OIX).

O día 22 de xuño de 2023 a Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro, ten enviado a INSTRUCCIÓN 1/2023 SOBRE OS PROCEDIMENTOS DE CONTRATACIÓN DOS GRUPOS DE ACCIÓN LOCAL DO SECTOR PESQUEIRO (GALP). De acordo co apartado XII da mesma, dita instrución entra en vigor coa súa publicación na páxina web corporativa <https://galp.xunta.gal/normativa> que foi o mesmo día do envío da mesma (22/06/2023). Nesta se definen os diferentes procedementos de contratación a aplicar por estes, en función das características da contratación e o seu importe.

A orde pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de axudas para proxectos ao abeiro das estratexias de desenvolvemento local participativo (EDLP), aprobadas aos grupos de acción local do sector pesqueiro (GALP) no marco do Fondo Europeo Marítimo de Pesca e da Acuicultura 2021-2027, e se convocan as correspondente ao ano 2023 (PE155A) establece no artigo 19. Fase de Instrución, punto 7 o seguinte “No caso de proxectos de obras con orzamento total de execución superior a 100.000€, será precisa unha valoración económica de perito independente” e no artigo 23. Xustificación, punto 4 o seguinte “O GALP, no caso de proxectos de construción con orzamento total de execución superior a 100.000€ realizará unha valoración de obra ou proxecto executado por perito independente”.

A xestión da presente licitación realízase de conformidade co establecido na Estratexia de Desenvolvemento Local Participativa do GALP Golfo Ártabro Norte dentro do FEMPA, coas seguintes directrices establecidas no programa de traballo: publicidade, concorrência, transparencia, confidencialidade, igualdade e non discriminación.

A difusión das presentes bases, realizarase a través da páxina web dos Grupos de Acción Local do Sector Pesqueiro de Galicia (licitacións) <https://galp.xunta.gal/licitacions>





NIF G70454657

Esta licitación, ten por obxecto garantir o cumprimento da necesidade continua do servizo de perito independente para valoración de proxectos de obras (valoración previa e final), presentados ao abeiro da EDLP do GALP Golfo Ártabro Norte, entidade colaboradora da Consellería do Mar para a xestión do Fondo Europeo Marítimo, de Pesca e de Acuicultura (FEMPA 2021-2027).

Trátase dunha necesidade continua que se pretende satisfacer, por dito motivo emprégase o procedemento para gastos derivados de necesidades continuas (Procedemento II da Instrución 1/2023 sobre os procedementos de contratación dos Grupos de Acción Local do Sector Pesqueiro (GALP).

Non se produce fraccionamento de contrato, e non se divide en lotes atendendo á natureza e obxecto do contrato.

Esta labor necesita de persoal especializado (licenciado en arquitectura, arquitecto técnico ou equivalente), medios humanos dos que o Galp Golfo Ártabro Norte non dispón, e que a normativa esixe debe ter carácter independente, e que por razóns de eficiencia e eficacia administrativa é necesario contratar externamente. De acordo coa seguinte normativa: Normativa Disposicións Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público. Artigo 116. O GALP Golfo Ártabro Norte non dispón dos recursos humanos suficientes para acometer con éxito o obxecto deste expediente cos seus propios medios, por tal motivo é polo que é necesario acudir á contratación externa para poder satisfacer as necesidades descritas.

2. CARACTERÍSTICAS DA PRESTACIÓN A REALIZAR

O obxecto do contrato é a prestación do servizo DE PERITO INDEPENDENTE PARA VALORACIÓN DE PROXECTOS DE OBRAS, presentados ao abeiro da EDLP do GALP Golfo Ártabro Norte, entidade colaboradora da Consellería do Mar para a xestión do Fondo Europeo Marítimo, de Pesca e de Acuicultura (FEMPA 2021-2027).

3. FINALIDADES E OBXECTIVOS A ALCANZAR

Conforme o especificado no artigo 19.7 e 23.4 da Orde do 14 de setembro de 2023 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de axudas para proxectos ao abeiro das estratexias de desenvolvemento local participativo (EDLP), aprobadas aos grupos de acción local do sector pesqueiro (GALP) no marco do Fondo Europeo Marítimo, de Pesca e de Acuicultura 2021-2027, e se convocan as correspondentes ao ano 2023, así no contemplado nas seguintes ordes de convocatoria, o servizo a realizar será:

A elaboración de informe de valoración previa por perito independente, por cada un dos proxectos de obra, con orzamento total de execución superior a 100.000 €, que presentan solicitude de axuda ao abeiro da Orde de Axudas publicada das estratexias de desenvolvemento local participativo (EDLP), aprobadas aos grupos de acción local do sector pesqueiro (GALP) no marco do fondo europeo marítimo, de pesca e de acuicultura 2021-2027 (FEMPA) en cada unha das convocatorias, nun prazo non superior a 5 días dende o envío do proxecto técnico obxecto de valoración por parte do GALP Golfo Ártabro Norte e sempre con anterioridade á finalización do prazo para entrega ante a Consellería do Mar.



NIF G70454657

O informe debe cumprir os requisitos exixidos na Orde e verificará como mínimo as medicións, prezos e se estes se axustan aos prezos de mercado, indicando o resumo de capítulos de proxecto e valoración individualizada.

Plan de traballo:

- Elaboración dun informe de valoración de obra ou proxecto executado por perito independente, por cada xustificación de obra, de proxectos con orzamento total de execución superior a 100.000 €, que foron subvencionados ao abeiro da Orde de Axudas publicada das estratexias de desenvolvemento local participativo (EDLP), aprobadas aos grupos de acción local do sector pesqueiro (GALP) no marco do fondo europeo marítimo, de pesca e de acuicultura 2021-2027 (FEMPA) en cada unha das convocatorias, nun prazo non superior a 5 días e sempre con anterioridade á finalización do prazo para entrega ante a Consellería do Mar, dende o envío por parte do GALP Golfo Ártabro Norte da certificación de obra obxecto de valoración e documentación xustificativa da mesma, previa a verificación in situ da obra executada.
- Se procede, revisión dos modificados de proxecto presentados polos promotores que serán facilitados polo GALP Golfo Ártabro Norte e acta de comprobación (visita in situ) de que as modificacións solicitadas non están realizadas.

O informe debe cumprir os requisitos esixidos na citada Orde e verificará como mínimo as medicións, prezos e se estes se axustan aos prezos de mercado de cada obra executada, indicando o resumo de capítulos de proxecto e valoración individualizada. Realizarase unha visita de inspección física, que será realizada no prazo máximo de 5 días dende a comunicación do GALP Golfo Ártabro Norte.

No caso de detectarse posibles erros ou incidencias posteriores á elaboración do informe por perito independente, serán comunicadas ao mesmo, que debe salvagardar para iso a maior dilixencia e a máxima eficacia posible respecto diso e resolver ou emendar nun prazo non superior a 24 horas, salvo causa xustificada.

No caso de que a normativa reguladora das axudas supoñan variacións ou no plan de traballo especificados nos presentes pregos, estes apartados adaptaranse o contido de ditas instrucións. Este plan de traballo podería modificar, excepcionalmente, por causa de forza maior que afecte o GALP.

4. FUNCÍONS E OBRIGAS DA ENTIDADE ADXUDICATARIA

A prestación do servizo está suxeita ás seguintes función e obrigas:

- A persoa ou entidade adxudicataria queda obrigada a destinar os medios persoais e técnicos necesarios para a correcta execución do servizo e para as finalidades previstas nas presentes prescricións técnicas.
- A persoa ou entidade adxudicataria non tratará nin aplicará os datos postos a súa disposición por parte do GALP Golfo Ártabro Norte para a execución do servizo para finalidade diferente á relativa ao obxecto do contrato, nin os comunicará a terceiras persoas, debendo cumprir o conxunto de normas previstas ao efecto, respondendo das infraccións en que, no seu caso, se incorra.



NIF G70454657

- A persoa ou entidade adxudicataria non poderá ceder nin traspasar o servizo a terceiros sen a autorización expresa do GALP Golfo Ártabro Norte. A infracción desta obriga producirá a resolución do contrato.
- A persoa ou entidade adxudicataria deberá cumprir todas as obrigas que lle corresponden relativos ao exercicio das súas actividades empresariais, así como aquelas de carácter laboral en relación aos seus empregados, incluídas as de previsión, seguridade social, etc.
- A persoa ou entidade adxudicataria queda obrigada ao cumprimento da lexislación vixente en materia de protección de datos de carácter persoal, en todo o que sexa de aplicación ao presente contrato, conforme ao disposto na Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais.

5. PRAZO DE PRESTACIÓN DO SERVIZO

O período de prestación do servizo será 14 meses a contar dende a formalización do contrato. O prazo de execución será dende novembro de 2023 ata o 31 de decembro de 2024, salvo modificación desta data por aplicación das prórrogas previstas neste prego.

Para o 2023 a execución do mesmo, será como máximo ata o 31 de decembro de 2023; para o 2024 ata o 31 de decembro de 2024.

O contrato estará vixente dende o día seguinte á sinatura do mesmo, cunha duración de 14 meses (2 meses de 2023 + 12 meses de 2024).

Admítese prórroga do contrato. A prórroga será anual e obrigatoria para o contratista, cando o GALP formule aviso previo con polo menos dous meses de antelación á finalización do prazo de duración do contrato. En ningún caso o contrato poderá prorrogarse máis alá de 31 de decembro de 2026.

O presentes pregos de Cláusulas Administrativas Particulares (PCAP) e de Prescricións Técnicas Particulares (PPTP) foron aprobados polo órgano encargado de aprobar os pregos de contratacións do GALP Golfo Ártabro Norte (órgano delegado da Xunta Directiva do GALP Golfo Ártabro Norte, segundo acordo da Xunta Directiva en reunión celebrada o 2 de agosto de 2023).

Miño, 13 de Outubro de 2023

Asdo: D. José Manuel Fernández Lage
Presidente

Asdo: D. Manuel Antonio Ramos Rodríguez
Representante da mesa do sector público
(Concello de Narón)



**Cofinanciado por
la Unión Europea**